



## **XORNADAS DE CAMPO A TRAVÉS ESCOLAR**

A [Delegación de Atletismo de Santiago \(FGA\)](#) organiza as primeiras xornadas de Campo a Través Escolar da tempada 2007-2008 co patrocinio do Concello de Santiago de Compostela e a colaboración do Deporte Escolar Galego (Deporte en Idade Escolar). Estas xornadas serán organizadas como preparación para as clasificatorias a celebrar en datas posteriores.

### **REGULAMENTO DAS PROBAS**

1. As xornadas celebraranse no Parque de Eugenio Granel situado no Restollal (a carón do Hipercor) nas seguintes datas:
  - **1ª Xornada:**      24 de novembro
  - **2ª Xornada:**      1 de decembro
  
2. As categorías de competición serán as seguintes:
  - **BENXAMÍN:**      Atletas nados nos anos 2000 (só 3), 1999 e 1998
  - **ALEVÍN:**      Atletas nados nos anos 1997 e 1996
  - **INFANTIL:**      Atletas nados nos anos 1995 e 1994
  - **CADETE:**      Atletas nados nos anos 1993 e 1992
  
3. Nestas xornadas poderán participar tódolos centros Escolares, Clubes e Entidades Deportivas que o desexen sempre e cando teñan formalizado o correspondente seguro escolar (información no tf.: 981 583978) ou federativo (clubes federados) e a súa nomenclatura sexa diferente.
  
4. Estableceranse dous tipos de clasificacións:
  - **Individual:** por orde de chegada. Nela tomarán parte tódolos atletas que o desexen e se inscriban de xeito correcto.
  - **Por equipos:** formalizando a inscrición como equipa cun número de 6 compoñentes dos cales puntuarán os 4 millores clasificados.

Os membros dos diferentes equipos en cada categoría, tamén entrarán na clasificación individual.

En categoría benxamín os equipos serán mixtos.

**5. TROFEOS.** Haberá trofeo para:

- Os 3 primeiros clasificados individuais por categoría e sexo.
- O equipo gañador en cada categoría e sexo (agás na categoría benxamín que serán mixtos).

**6.** Os horarios e distancias a percorrer en ambas xornadas serán as seguintes:

<b>HORA</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>DISTANCIA</b>
<b>11:00</b>	BENXAMÍN (MIXTO)	800 m
<b>11:15</b>	ALEVÍN FEMININO	1200 m
<b>11:30</b>	ALEVÍN MASCULINO	1900 m
<b>11:45</b>	INFANTIL FEMININO	1600 m
<b>12:00</b>	INFANTIL MASCULINO	2900 m
<b>12:20</b>	CADETE FEMININO	2000 m
<b>12:45</b>	CADETE MASCULINO	3500 m

7. As inscricións poderán formalizarse no correo electrónico *inscricionsFGAsantiago@gmail.com* ou no FAX 981 583942, indicando nome e apelidos, nº de licenza, clube e localidade, ata o xoves 22 de novembro para a 1ª xornada, e ata o xoves 29 de novembro para a 2ª xornada. Se desexan participar en ambas xornadas deben indicalo no momento de realizala inscrición (non será necesario repetila mesma).

8. Para calquer información adicional sobre estas xornadas poderán facelo a través dos teléfonos de información 981192331 / 619847195 (**Delegación de Atletismo de Santiago**), 981 583978 (Deporte en Idade Escolar: de 18:30 a 20:30 horas de luns a venres). Os dorsais recolleranse na Secretaría de Competición sita no propio parque ata media hora antes de cada proba.

9. Estas xornadas serán organizadas pola Delegación de Atletismo de Santiago, polo cal o transporte non será subvecionado.

10. Haberá servizo de duchas e vestiario a disposición de tódolos atletas no polideportivo sito a carón do Parque onde terán lugar as xornadas